

O encaixe de Bruxelas de Luz Darriba

HENRIQUE
DACOSTA

O ENCAIXE DE BRUXELAS

Luz Darriba

Luz Darriba, debémonos dicir, é unha habidosa teceledora do xénero narrativo. Puidémolo comprobar tras a súa incursión na novela longa con 'Abril' e, posteriormente, con 'Xoquetes para nenos cegos'. Agora, en 'O encaixe de Bruxelas', a muller volvé cobrir o máximo dos protagonismos, pois reclama e ocupa o centro do discurso. Así pois, Clara é a narradora protagonista do relato. E Clara dirixese en todo momento para un único narratario, que é súa nai, a quen apela de xeito directo en diferentes instantes, de forma que o lector non perda a noción de que é a esta a quen dedica a historia que está a contar. Sinópticamente, pódese dicir que Clara vivira en España logo de deixar Bos Aires, lugar en que reside a súa proxenitora, mais desde aquí viaxara despois a Bruxelas para comisariar unha exposición de arte sobre as ordes dunha peculiar e inexperta xefa que lle carreterá mil e unha dores de cabeza.

Nunha certa medida, volvé a camiños tripados: en 'Abril' O fanático réxime ditatorial instalado na Arxentina de 1976 a 1983 serve de pano de fondo para nos introducir na xuventude de Clara, imbuída ao igual que tantos outros mozos daquela, nese ámbito do Maio do 68. A 'sentadera' que cortaba o tránsito na avenida 10 de Xullo, onde berraban consignas contra o imperio, contra a guerra do Vietnam, contra o capitalismo... Ese mundo feroz e desapiadado, o deses ominosos anos en que o cono sur americano foi pasto do terror e que os que sobreviviron non han de esquecer. «Apuntaran un a un nas súas cabezas os nomes dos criminais e os nomes de cada compañeiro abatido, botado ao mar desde avionetas, pulverizado con dinamita, fusilado, convertido en material de construción».

Clara, á fin e ao cabo, deven nun alter ego da propia Luz Darriba. A historia familiar, seus pais embarcando como polígonos en 1950 no porto de Vigo até Montevideo, axudados solidariamente no navio por unha parella andaluza, fuxindo con posterioridade para Bos Aires cando o ruído de sabres soa no Uruguai, o pai cargando no seu macuto vital con aquela outra guerra que o levara até Toledo, Brunete e o Ebro... O groso do encaixe narrativo vaino elaborando agora desde Bruxelas, isto é,

a trama principal do que tece, aínda que no inicio xa intuímos os vimbios de que está trenzada Clara, a súa implicación nas causas perdidas. Tal acontece no momento en que Filipa e o seu bebé, que veñen desde España, han de ir ao encontro do irmán nun lugar de Francia. Clara percibe a natureza da situación, describenola, e non só se implica, senón que consegue que aquela muller sen diñeiro e o seu bebé poida seguir xunto do familiar en Mazamet, após lograr a compaixón da funcionaria dos camiños de ferro. Mais a súa odisea particular, a de Clara, aínda estaba por chegar, tal se nos advirte no portico do capítulo III: «¿Para que queres estudar si vas a ser el duque de Alba?» —le espeto a su primer marido Luis Martínez de Trujillo y Artaco, el cual no llegó a terminar la ingeniería que estudiaba...» (Cayetana Stuart y Silva, 'Yo, Cayetana'). Cita que nos remite para o ecosistema en que ha de vivir e que ha de sufrir a protagonista da nosa novela de aquí en adiante.

A 'marquesa', xefa de Clara en Bruxelas, está casada co Cetaceo, apelativos suficientemente elocuentes para observarmos a estima e confianza que a protagonista é capaz de

depositar en ambos os personaxes. Ela irá residir, xunto con outros traballadores da exposición, na que denominará casinha de 'Como ser John Malkovich'. Casa, polo que vemos, cun aquel surrealista. Baste saber as referencias constantes aos tamén personaxes, agora de 'Alicia no país das maravillas', nomeadamente, do Coello Branco; o cal sempre chega tarde, e do Sombreiroiro Tolo, un dos máis excéntricos da novela de Lewis Carroll. Tan logo Clara chega ao lugar onde residirá en Bruxelas, describénola da seguinte maneira: «Mais, se quería visualizar a boca do lobo na que se estaba a meter, mellor sería que atendese os detalles. Moitas pinturas, poucas obras de arte. Moita lámina de bazar intercalada con algún Guayasamín, Torres García, Gurvich, e firmas clásicas europeas que estrañaba ver nunha casa cun sentido estético tan pouco ortodoxo».

María Antonieta —ben, acaído e simbólico nome para a súa xefa, quen tamén corre, como vimos, co apelativo de 'a marquesa'— é muller manipuladora, nada empática, falsa filántropa... a que Clara vai calando aos poucos desde o instante en que chega a Bruxelas. Clara posúe un sentido moi arraigado da xustiza, pero é torpe

de máis ao deixarse coer nas redes desta enganadora. Igualmente, podemos ver como Clara se forta perfilando psicolóxicamente desde nena, como elabora de xeito temperán o seu autoidentitario, grazas a súa capacidade observadora, á súa intelixencia, e contará para isto coa inestimable axuda de súa nai, a quen dirixe o relato desde o seu inicio e a quen a filla admira profundamente. A novela convértese así nunha macroépica en que vai ordenando lembranzas persoais e outros elementos da cronoloxía xornalística, da poesía, do xénero de aventuras, etc. coa que vai dando conta a súa proxenitora, que agora é vella e está con demencia senil. Mais é tal a admiración que sente pola persoa que lle deu a vida, que se lembra canto gustaba de Françoise Sagan e o seu 'Bonjour tristesse' e a confianza dela na súa filla, como deixa escrito: «Talvez pensaches que unha garza uruguia dos barrios máis carentes de Montevideo, filla de galegos pobres e desafuzados de todo, podía ser quen, coma a 'franchuta', de escribir un libro de culto antes dos dez anos». Clara, en definitiva, indaga no seu ser máis profundo e vai solidificando a súa personalidade, tal como observamos a través dos elementos e episodios do pasado que nos serven para construír o seu perfil actual.

'O encaixe de Bruxelas', en suma, encerra un canto á muller, protagonista e eixo vertebral do relato. Así mesmo, é un percorrido a través da historia do noso país, dos países americanos en que Clara nace, se cria, se forma e sofre a barbarie da ditadura militar, da migración e da explotación laboral, sobre todo cara as mulleres. Clara fora a Bruxelas en 2000 para participar na Marcha Mundial das Mulleres e regresa aquí en 2010. E é que 'O encaixe de Bruxelas' vai enfiando elementos contemporáneos de orde sociopolítica, atinentes a crise económica ('vivir por encima das nosas posibilidades'), desahucio de centenas de familias, rescate aos bancos, as preferentes, as subordinadas..., con referencias ás ansias independentistas de Cataluña, ás viaxes solidarias a Palestina e ao Irak, á obscena manipulación por parte da Arxentina de Videla do Mundial 78, etc.

En consecuencia, dínos a voz narradora a modo de conclusión: «Levamos un apreciable número de páxinas intercambiando historias, pensamentos, reflexións. Convosco, contigo, mamá, coa miña conciencia, a lista, que aparece e desaparece como o mesmísimo gato de Alicia, e non lembro se o dixeran, mais o certo é que detesto viaxar».

